

ABRIR CAMIÑOS DE HOSPITALIDADE E XUSTIZA

Ante a regularización extraordinaria de persoas estranxeiras

O pasado 16 de abril de 2026 abriuse oficialmente o proceso de regularización extraordinaria de persoas estranxeiras en España. Desde entón, o proceso avanza e o tempo corre para miles de persoas que ven nesta medida unha oportunidade única para saír da incerteza e da situación de vulnerabilidade asociada á irregularidade administrativa. Para elas, esta regularización representa a posibilidade de acceder plenamente a dereitos, recuperar estabilidade e seguir construíndo un proxecto de vida con dignidade.

Ante esta realidade, acollemos esta decisión con esperanza e gratitude, e recoñecemos o chamamento a implicarnos neste proceso desde unha mirada crente e comprometida coa realidade. Consideramos que é unha boa nova que interpela directamente valores fundamentais como a xustiza social, a hospitalidade, o respecto á dignidade humana e a solidariedade activa coas persoas migrantes e refuxiadas.

Desde as obras do Sector Social implicámonos en diferentes cidades do Estado para acompañar, facilitar e tramitar este proceso de regularización. Este compromiso nace dun exercicio de discernimento, coa mirada atenta á realidade e escoitando o chamamento do Evanxeo a recoñecer a Deus presente na historia, especialmente nas persoas máis vulneradas.

A nosa realidade móstranos con claridade que a poboación de orixe estranxeira xa forma parte da nosa sociedade. Non é unha presenza externa, senón constitutiva da nosa convivencia, do noso tecido social, económico e da nosa vida cotiá. Porén, para as persoas en situación administrativa irregular non é posible unha inclusión plena. A irregularidade administrativa está estreitamente vinculada á exclusión social, limitando gravemente o acceso a dereitos básicos e expoñendo as persoas a situacións de discriminación, explotación e desprotección que, ademais, a miúdo son invisibles e debilitan a cohesión social.

Recoñecemos na regularización extraordinaria unha medida que pode abrir camiños de xustiza. Non resolve por si soa todas as situacións de vulnerabilidade social ou vulneración de dereitos, pero constitúe un paso significativo para recoñecer, protexer e dignificar os que xa son parte desta sociedade, contribuíndo á construción do ben común. Este proceso non responde unicamente a unha necesidade administrativa, senón que representa tamén unha oportunidade para avanzar cara a unha sociedade máis inclusiva, fraterna e cohesionada.

Como obras xesuítas, recoñecemos que a nosa tradición bíblica e evanxélica lémbra-nos que a historia da salvación está atravesada pola experiencia da migración e que no encontro co estranxeiro xógase a nosa resposta a Deus: "fun estranxeiro e acolléste-me" (Mt 25). Este chamamento concrétese hoxe nunha invitación a vivir unha hospitalidade que non quede na acollida inicial, senón que promova procesos de inclusión, participación e recoñecemento mutuo.

Desde a espiritualidade ignaciana, este chamamento á hospitalidade concrétese nunha maneira de proceder que pasa polo acompañamento próximo, a escoita atenta e o recoñecemento do outro como lugar de revelación. Desde as nosas obras abrazamos o exercicio da hospitalidade como un elemento central da nosa espiritualidade. A hospitalidade non é unha idea, senón unha práctica

que se encarna na vida cotiá: no recoñecemento mutuo, no tempo compartido, na conversa, no coidado e na apertura de espazos de encontro que impulsen a cultura do encontro e a reconciliación en lugar da cultura de confrontación na que estamos inmersos.

Nesta experiencia, quen acolle e quen é acollido transfórmanse mutuamente. Por iso vemos neste proceso unha oportunidade para crecer e transformarnos como sociedade máis humana, construída desde criterios de amizade social que se enriquece coa acollida e o recoñecemento da alteridade.

Situámonos no marco da Igrexa en España que expresou de xeito unánime o seu apoio á regularización como unha esixencia de xustiza e de fidelidade ao Evanxeo. Tamén o papa León XIV insístenos en que a acollida non pode limitarse a respostas asistenciais ou puntuais, senón que debe abrir camiños reais de integración, fraternidade e participación social.

Por iso, desde o Sector Social e co apoio de moitas outras entidades, persoas voluntarias, acordos coas administracións públicas locais, coa base social da Compañía de Xesús e as súas obras, etc. estámonos implicando neste proceso de regularización. Abrimos servizos extraordinarios para servir no que poidamos, conscientes de que, polo seu carácter extraordinario e polo breve prazo no que se deberá desenvolver, este proceso pode resultar complexo para moitas persoas.

Queremos facilitar o acceso efectivo á regularización e consideramos fundamental que as entidades sociais e comunitarias poidamos seguir sendo espazos de orientación, acollida e acompañamento próximo, contribuindo a que ningunha persoa quede excluída do exercicio dos seus dereitos por dificultades administrativas ou falta de información.

En definitiva, como Sector Social da Compañía de Xesús facemos vivo o chamamento a seguir camiñando cara a unha sociedade máis hospitalaria, onde a diversidade sexa recoñecida como riqueza e onde todas as persoas poidan atopar un lugar digno. Un camiño que non está exento de dificultades, pero no que confiamos que o Espírito segue actuando, abrindo camiños de reconciliación, xustiza e esperanza para todas as persoas.